Modelo MD75PRO01

Programación

Índice

1. Introdución 3
2. Metodoloxía 3
3. Atención á diversidade 3
4. Temas transversais 3
4.1 Educación en valores 3
4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s) 3
5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas 3
6. Secuenciación do curso 3
6.1 Curso:_____ 3
7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica 5
8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento 5
9. ANEXOS 6
9.1 Probas de acceso 1º de grao profesional 6
9.2 Probas de acceso a outros cursos 6
9.3 Criterios para a obtención dos premios fin de grao 6

1. Introdución

A lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que ensinanzas artísticas teñen coma finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

Grao Elemental: No artigo 48 preceptúa que as ensinanzas elementais de música terán as características e a organización que as administracións educativas determinen. Ditas características veñen ditadas no posterior decreto de 27 de Setembro de 2007. A finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

Grao Profesional: A lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Asemade, a citada lei orgánica no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas.

Para o grao elemental a devandita lei orgánica desenvólvese no decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música, e para o grao profesional no decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música.

A presente programación dá concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste departamento no Conservatorio Profesional de Música de A Coruña.

A finalidade do grao elemental é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade necesaria que permita acceder ao grao profesional.

O grao profesional ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais, e ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores

2. Metodoloxía

No grao elemental, o alumnado contará cunha clase individual de sesenta minutos e a posibilidade de participar nunha clase colectiva que complementará os contidos da clase individual e fomentará o traballo en grupo.

As actividades didácticas que se levarán a cabo nas clases de grao elemental son as seguintes:

- Traballo de obras, estudos e exercicios que permitan o desenvolvemento dos obxectivos e contidos propios do curso.
- Contextualización das obras a través do análise e compilación de datos que levarán a cabo os alumnos sobre os autores e períodos musicais.
- Traballo da lectura a primeira vista.
- Participación nas audicións propostas polo departamento co fin de exteriorizar o traballo realizado ao longo do curso.

E dentro das clases colectivas:

- Estudo da organoloxía da arpa.
- Estudo analítico da historia e desenvolvemento da arpa ó longo dos séculos.
- Traballo da música en grupo.

No grao profesional, alumnado contará igualmente cunha clase individual de sesenta minutos onde as actividades didácticas que se levarán a cabo nas clases son as seguintes:

- Participación en audicións e actividades programadas polo departamento.
- Explicación por parte do profesor da partitura correspondente, a través do análise nos seus aspectos formais, melódicos, harmónicos e outros adaptados ó curso correspondente.
- Audicións de obras ou fragmentos de diferentes estilos e posterior debate sobre os distintos aspectos que as conforman.
- Traballos histórico-analíticos-estéticos sobre as obras que se van a interpretar.
- Traballo de lectura a primeira vista.

3. Atención á diversidade

Debemos considerar a atención á diversidade como aquelas actuacións, medidas ou programas destinados a dar una resposta adecuada a aquel alumnado con necesidades específicas de apoio educativo para o logro dos obxectivos previstos. Enfocaremos a atención á diversidade partindo dende o análise da heteroxeneidade do grupo, no que atoparemos diferencias individuais en canto a intereses, motivacións, ritmos de aprendizaxe, coñecementos previos... Debido a isto cobra especial importancia a avaliación inicial que realizaremos de forma xeral ao inicio do curso, tratando de coñecer as características individuais de cada alumno para identificar o máis prematuramente posible as medidas de atención precisas.

A vía para o tratamento da diversidade é a adaptación curricular, que é o conxunto de acción dirixidas a adecuar o currículo ás necesidades dun alumno ou grupo determinado.

Dependendo das circunstancias que se presenten no aula, o profesor poderá plantexar as seguintes estratexias:

1. Adaptacións do material didáctico.

2. Modificacións da metodoloxía.
3. Proposta de actividades de traballo alternativas e complementarias.
4. Establecemento de tarefas de reforzo e ampliación prestando atención aos diferentes ritmos de aprendizaxe do grupo.
5. Organización do traballo de forma flexible.

4. Temas transversais

A educación no ámbito musical non debe acabar no simple feito do desenvolvemento de destrezas técnicas e un desenrolo da sensibilidade musical. Para unha formación integral do alumnado tamén é importante o tratamento de contidos transversais. Estes contidos, que responden á realidade da vida cotiá no ámbito social son esencialmente de carácter actitudinal e representan uns elementos educativos básicos que deben incorporarse nas diferentes áreas co fin de conseguir unha plena integración do alumnado na sociedade actual. O tratamento destes contidos debe espertar no alumnado una especial sensibilidade cara a dita realidade.

4.1 Educación en valores

O carácter participativo e colaborador da práctica musical, facilita a incorporación destes temas ao aula especialmente na práctica de conxunto. Temas como a igualdade de oportunidades entre sexos, a educación para a saúde, o ocio, compromiso co medio ambiente ou educación para a paz, poderán ser incorporados tanto na clase individual como na de conxunto.

4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s)

A irrupción das tecnoloxías da información e da comunicación na nosa vida cotiá é cada día mais patente, a súa utilización esténdese ata ámbitos insospeitados. O estudo da música nos conservatorios cínguese, na maioría dos casos, á práctica interpretativa empregando instrumentos convencionais. Incluso nestas circunstancias, que a priori poden parecer pouco dadas ao uso das TIC's, estas pódense empregar co fin de complementar e facilitar o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

O uso de materiais audiovisuais relacionados coa materia xa non é unha novidade nos tempos que corren, especialmente dende a aparición de plataformas dixitais como YouTube, Vimeo, Spotify, etc. Estas plataformas unidas á compartición masiva de material audiovisual facilita o seu uso no aula para a exemplificación das posibilidades sonoras e técnicas dos instrumentos, e o contraste de diferentes posibilidades interpretativas ante un mesmo texto musical. Por outro lado a facilidade de xerar dito material con ferramentas cada vez máis accesibles (videocámaras, grabadoras, tablets, teléfonos, etc) permite analizar no aula as propias actuacións ou interpretacións e así aportar un maior grado de obxectividade á percepción de si mesmo que ten o alumno.

O material en formato electrónico (partituras, textos, etc.) tamén será útil no desenvolvemento das diferentes actividades da materia xa que facilita a rápida distribución do mesmo entre o alumnado, así como o seu rápido acceso no aula no caso de dispoñer dos dispositivos correspondentes. As plataformas de almacenamento como Dropbox o GoogleDrive permiten a creación de espazos de compartición de material electrónico para os alumnos que poden ser controlados polo profesor.

Os motores de busca tamén serán de gran utilidade especialmente á hora de recompilar información referente ao propio instrumento, obras, compositores, etc.

O uso de todos os materiais relacionados coas TIC's empregados no aula debe respectar en todo momento as leis distribución e da propiedade intelectual dos mesmos.

5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

As actividades extra-escolares son esenciais para o desenvolvemento persoal e artístico do alumnado. Desta forma, dividiremos estas actividades en dúas categorías:

5.1 Actividades extraescolares para o desenvolvemento artístico.

É importante que o alumno, como músico, estea exposto a outras manifestacións artísticas. Por iso será importante que o alumno coñeza e se enriqueza con visitas ao museo, exposicións, representacións de obras teatrais, espectáculos de danza clásica, moderna e folclórica e todo aquilo que poida aplicar máis adiante á música que interpretará. Como alumno de arpa, sería conveniente que asistise a concertos de folk, jazz e música clásica.

O departamento de corda pulsada fomentará o desenvolvemento artístico mediante a promoción das seguintes actividades:

1. Realización de cursos.
2. Programación de intercambios con outros conservatorios.
3. Organización de concertos con artistas invitados.
4. Organización de concertos en colexios, museos e institucións culturais, onde o alumnado tome parte.
5. Participación do ensamble de guitarras e arpas nas actividades organizadas polo departamento.

5.2 Actividades extraescolares para o desenvolvemento persoal.

É moi importante que como músicos, e dende unha temperá idade, comprendamos que ao tocar un instrumento desgastamos o noso corpo coma se fósemos atletas profesionais. Por iso, debemos manter a nosa forma física sempre activa e forte. Como arpista, o alumno utiliza os músculos das costas, pernas, brazos, mans e dedos continuamente.

Desta forma, será importante que o alumno reforce a musculatura xa citada e os tendóns dos brazos e pernas mediante a práctica de actividades físicas. Os deportes máis apropiados,

ademais de facer estiramentos antes de tocar, serian a natación, pilates, circuítos de ximnasia predeterminados por un especialista e tamén o ioga e tai-chi.

Cabe destacar a importancia da relaxación, non só á hora de tocar, senón tamén na vida cotiá. As actividades como ioga e tai-chi contribuirán á práctica da respiración diafragmática, a relaxación e tamén ao control da respiración, meditación e concentración. Por iso, estas disciplinas orientais, cumpren a esencia da famosa frase: "Mens sana en corpore sano".

6. Secuenciación do curso

6.1 Curso: 1º Grao Elemental

6.1.1 Obxectivos

- Controlar axeitadamente, a través da técnica, a coordinación psicomotriz (mans, pedais)
- Coñecer o ciclo de quintas e oitavas, utilizando de forma elemental a chave de afinar.
- Practicar en todas as oitavas da arpa os exercicios de técnica xa estudados.
- Realizar escalas, arpexos, acordes con cambios de tonalidades maiores e menores.
- Coñecer e aplicar axeitadamente a técnica do troco de pedais aplicándoa nos procesos modulantes.
- Profundar na práctica de correctos e eficaces hábitos de estudo e axeitadas formas de aproveitar o tempo.
- Realizar exercicios de improvisación.
- Practicar o repertorio solista e sinfónico apropiado ao nivel.
- Interpretar un programa formado por obras de distintos estilos, correspondente ao nivel do curso, atendendo ás características propias de cada obra e á musicalidade e expresión.
- Tocar en público de memoria, amosando un adecuado auto-control que permita a necesaria fluidez do discurso musical e a conseguinte comunicación co oínte.
- Adquirir unha progresiva autonomía na aplicación práctica dos coñecementos técnicos e teóricos para unha mellor expresión interpretativa.
- Coñecer e iniciar o estudo teórico das características propias de cada estilo, similitudes e diferenzas de cada un.

6.1.2 Contidos

- Iniciación á dixitación segundo as conveniencias técnicas. Coñecemento da interválica.
- Posición fixa:

  - Colocación correcta de corpo, brazos, mans.
  - Traballo dos exercicios a mans separadas e xuntas.
  - Articulación dos catro dedos.
  - Independencia dos dedos.
  - Iniciación á práctica de alternancia e simultaneidade dos dedos, con todas as posibles combinacións.
- Introdución ao concepto de acorde:
  - acordes de tres sons pasando as mans, introdución á práctica do plaqué e ao arpexado.
- Iniciación á articulación:
  - Dixitacións en liña e cruzadas.
  - Articulacións dobres e triplos.
- Introdución á escala:
  - Práctica do pase ascendente e descendente en liña e cruzadas.
  - Realización de escalas dunha oitava no rexistro central.
- Apagado: coñecemento e práctica do apagado coa palma da man.
- Desenvolvemento da memoria: memorización de exercicios básicos de técnica.
- Hábitos de estudo: estudo diario racional, regular e organizado.
- Comprensión: iniciación á comprensión formal das obras que interpretan.

6.1.3 Avaliación

O fin xeral da avaliación é verificar o logro dos obxectivos previamente establecidos, diagnosticar os fallos e as dificultades que se presenten no proceso de ensino-aprendizaxe, así como orientar e reorientar devandito proceso. É, pois, un proceso con diversidade de momentos e tarefas, non unha actividade illada e tampouco un fin en si mesma. A avaliación é parte fundamental do ensino pois é a que nos permite comprobar os progresos que se van realizando ao longo do proceso de aprendizaxe, por iso ten que ser continua e integradora.

Criterios de avaliación

- Empregar unha axeitada posturalización.
- Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida, afinación, articulación e fraseo axeitados ó contido.
- Interpretar obras segundos criterios do estilo correspondente.
- Amosar no repertorio a capacidade de aprendizaxe progresivo individual.
- Interpretar en público ao menos en dúas audicións, como solista e de memoria, obras representativas do nivel en el instrumento, amosando seguridade e control da situación.

- Actuar como membro do grupo e manifestar a capacidade de tocar ou cantar ao tempo que se escoita e se adapta ao resto dos instrumentos e voces.

Mínimos esixibles

Considérase que debe recuperar a materia o alumno que non realizara o 75% dos contidos e/ou non acadara o 75% de los obxectivos reflectidos na programación.

Procedementos e ferramentas de avaliación

- Ordinarios:
  - Observación directa no aula do traballo realizado polo alumno.
  - Intervención en audicións públicas, recitais, etc.
  - Auto-avaliación do alumno.
- Alternativos:
  - Avaliación dos obxectivos acadados e contidos realizados mediante unha proba teórico-práctica onde o alumno amosará ter acadado os obxectivos e realizado os contidos relativos ao curso a superar.
- Recursos de avaliación:
  - Caderno do profesor. Os resultados diarios da valoración dos procedementos anteriormente mencionados recóllense puntualmente no caderno do profesor.

Criterios de cualificación

- Aspectos técnicos (posturalización e son): 35%
- Aspectos musicais (execución e expresión): 35%
- Aspectos actitudinais: 30%

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

O alumno que dentro do primeiro trimestre teñan realizado o 75% dos contidos e acadado o 75% dos obxectivos da materia poderán optar á concesión da ampliación da matrícula.

6.1.4 Medidas de recuperación

Por mor da avaliación continua, tanto os contidos non realizados como os obxectivos non acadados nun trimestre pódense recuperar no vindeiro, dándose dese xeito por aprobadas as avaliacións anteriores non superadas.

Procedementos de recuperación ordinarios

O alumno que perdera o dereito a avaliación continua, segundo o reflexan as NOF do centro, terá que facer unha proba no terceiro trimestre onde amose ter acadado os mínimos esixibles da materia.

Os criterios de cualificación de dita proba serán:

- Aspectos técnicos: 50%
- Aspectos musicais: 50%

Probas extraordinarias de setembro

O alumno que non teña acadado o 75% dos obxectivos e realizado o 75% dos contidos da materia ao remate do terceiro trimestre, pódese presentar á proba extraordinaria de setembro -ante tribunal- cos requisitos aplicados no apartado de mínimos esixibles desta programación.

Os criterios de cualificación de dita proba serán:

- Aspectos técnicos: 50%
- Aspectos musicais: 50%

6.1.5 Recursos didácticos

- Grupo 2: obras para nenos (8)
  - Oito pezas do libro "I Play the Harp" de G. Bossio (ed. Musica Practica) escollidas dende a páxina 46 ata a páxina 60.
- Grupo 3: obras doadas (3)
  - Tres obras do libro "Sounding Harps, Book One" (ed. Cairde na Cruit, Dublin) a partir da peza nº7, por ex. "Mallaí Bhán".

6.2 Curso: 2º Grao Elemental

6.2.1 Obxectivos

- Racionalizar a aprendizaxe.
- Coñecer as características do instrumento, organoloxía e constitución.
- Ampliar a técnica de primeiro curso no que fai a intervalos, acordes, escalas... e introducir a práctica de exercicios destinados á igualación de dedos mediante exercicios destinados para elo.
- Iniciar o uso do metrónomo no estudo cotiá.
- Coñecer o uso da chave de afinar e do afinador electrónico.
- Interpretar un programa formado por obras de distintos estilos, correspondente ao nivel do curso.
- Interpretar de memoria exercicios básicos de técnica, así como unha pequena peza.
- Adquirir un hábito correcto de estudo.
- Comprender a importancia da práctica en conxunto para mellorar a sensibilidade auditiva a través da interpretación de exercicios técnicos e obras.

6.2.2 Contidos

- Organoloxía da arpa de pedal e organoloxía comparada.
- Uso da dixitación segundo as conveniencias expresivas.
- Técnica:
  - Posición fixa.
  - Práctica da interválica.
  - Igualación dos dedos: exercicios de acentos.
  - Acordes de catro sons (sétimas) pasando as mans.
  - Escalas: práctica de distintas escalas -tanto en ascendente coma en descendente- así como posibles combinacións
- Apagado: práctica do apagado coa man esquerda.
- Afinación: Iniciación ao coñecemento da utilización da chave de afinar.
- Desenvolvemento da memoria:
  - Memorización de exercicios básicos de técnica.
  - Memorización dunha pequena peza.
- Hábitos de estudo: estudo diario regular e organizado, con metrónomo.
- Profundar na comprensión formal das pezas.
- Desenvolvemento da capacidade de autocrítica, para obter unha progresiva autonomía.
- Comprensión e análises: recoñecemento e interpretación do fraseo e da forma básica A-B-A.
- Traballo en conxunto (clases colectivas) de aspectos referidos á organoloxía da arpa.
- Diferenciación auditiva das distintas calidades sonoras.
- Escoitada atenta da interpretación allea.

6.2.3 Avaliación

O fin xeral da avaliación é verificar o logro dos obxectivos previamente establecidos, diagnosticar os fallos e as dificultades que se presenten no proceso de ensino-aprendizaxe, así como orientar e reorientar devandito proceso. É, pois, un proceso con diversidade de momentos e tarefas, non unha actividade illada e tampouco un fin en si mesma. A avaliación é parte fundamental do ensino pois é a que nos permite comprobar os progresos que se van realizando ao longo do proceso de aprendizaxe, por iso ten que ser continua e integradora.

Criterios de avaliación

- Empregar unha axeitada posturalización.
- Ler textos a primeira vista con comprensión e un mínimo de fluidez.

- Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida, afinación, articulación e fraseo axeitados ó contido.
- Interpretar obras segundos criterios do estilo correspondente.
- Amosar nos estudos e obras do repertorio a capacidade de aprendizaxe progresivo individual.
- Interpretar en público ao menos en dúas audicións, como solista e de memoria, obras representativas do nivel en el instrumento, amosando seguridade e control da situación.
- Actuar como membro do grupo e manifestar a capacidade de tocar ou cantar ao tempo que se escoita e se adapta ao resto dos instrumentos e voces.

Mínimos esixibles

Considérase que debe recuperar a materia o alumno que non realizara o 75% dos contidos e/ou non acadara o 75% de los obxectivos reflectidos na programación.

Procedementos e ferramentas de avaliación

- Ordinarios:
  - Observación directa no aula do traballo realizado polo alumno.
  - Intervención en audicións públicas, recitais, etc.
  - Auto-avaliación do alumno.
- Alternativos:
  - Avaliación dos obxectivos acadados e contidos realizados mediante unha proba teórico-práctica onde o alumno amosará ter acadado os obxectivos e realizado os contidos relativos ao curso a superar.
- Recursos de avaliación:
  - Caderno do profesor. Os resultados diarios da valoración dos procedementos anteriormente mencionados recóllense puntualmente no caderno do profesor.

Criterios de cualificación

- Aspectos técnicos (posturalización e son): 35%
- Aspectos musicais (execución e expresión): 35%
- Aspectos actitudinais: 30%

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

O alumno que dentro do primeiro trimestre teñan realizado o 75% dos contidos e acadado o 75% dos obxectivos da materia poderán optar á concesión da ampliación da matrícula.

6.2.4 Medidas de recuperación

Por mor da avaliación continua, tanto os contidos non realizados como os obxectivos non acadados nun trimestre pódense recuperar no vindeiro, dándose dese xeito por aprobadas as avaliacións anteriores non superadas.

Procedementos de recuperación ordinarios

O alumno que perdera o dereito a avaliación continua, segundo o reflexan as NOF do centro, terá que facer unha proba no terceiro trimestre onde amose ter acadado os mínimos esixibles da materia.

Os criterios de cualificación de dita proba serán:

- Aspectos técnicos: 50%
- Aspectos musicais: 50%

Probas extraordinarias de setembro

O alumno que non teña acadado o 75% dos obxectivos e realizado o 75% dos contidos da materia ao remate do terceiro trimestre, pódese presentar á proba extraordinaria de setembro -ante tribunal- cos requisitos aplicados no apartado de mínimos esixibles desta programación.

Os criterios de cualificación de dita proba serán:

- Aspectos técnicos: 50%
- Aspectos musicais: 50%

6.2.5 Recursos didácticos

- Grupo 1: estudos (3)
  - Tres estudos do libro “Études en forme d´Exercices” de F. Alberti, (distribuidor A. Leduc)
- Grupo 2: obras doadas (2)
  - Unha peza escollida do libro “52 scottish songs for all harps” de Sylvia Woods -1º arranxo- (ed. Woods Music & Books Inc.) por ex. “I aince lo´ed a lass”.
  - Unha peza escollida do libro “50 irish melodies for all harps” de Sylvia Woods -1º arranxo- (ed. Woods Music & Books Inc.) por ex. “The lark in the clear air”.
- Grupo 3: obras de mediana dificultade (3)
  - Unha peza de T. O'Carolan do libro “40 O'Carolan tunes for all harps” de Sylvia Woods -arranxo 1- (ed. Woods Music & Books inc.) por ex. “Eleanor Plunkett”
  - Unha obra do libro “Sounding Harps, Book Two” (ed. Cairde na Cruit, Dublin) por ex. “Báidín Fheilimidh”.

- Unha obra do libro "The Celtic Harp" de John Loesberg (ed. Ossian Publications, Ireland) por ex. "Carval ny Drogh Vraane".

6.3 Curso: 3º Grao Elemental

6.3.1 Obxectivos

- Racionalizar a aprendizaxe.
- Repaso ás características do instrumento, organoloxía e constitución.
- Ampliar a técnica de segundo curso no que fai a intervalos, acordes, escalas...
- Interpretar un programa formado por obras de distintos estilos, correspondente ao nivel do curso.
- Interpretar de memoria unha obra ou movemento de maior duración e complexidade.
- Exercitar o cambio das chaves.
- Practicar a lectura a primeira vista con exercicios elementais para adquirir axilidade e soltura na lectura.
- Identificar as distintas partes de que constan as obras estudadas (frase, motivo, melodía, repetición, etc.)
- Iniciar o estudo sobre algunha faceta do instrumento (historia, morfoloxía...) mediante realización de traballos monográficos. Traballo en conxunto (clases colectivas) de aspectos referidos á organoloxía da arpa.
- Comprender a importancia da práctica en conxunto para mellorar a sensibilidade auditiva a través da interpretación de exercicios técnicos e obras, a ser posible, con outros instrumentos.

6.3.2 Contidos

- Organoloxía da arpa de pedal e organoloxía comparada.
- Práctica da dixitación segundo as conveniencias expresivas.
- Técnica:
  - Práctica da posición fixa.
  - Práctica dos intervalos harmónicos.
  - Práctica dos arpexos de tres e catro sons (sétimas) con distintas figuracións, pasando as mans.
  - Escalas. Práctica de distintas fórmulas.
- Apagado: práctica do apagado coa man esquerda en escalas, oitavas e notas soltas.

- Uso do cambio das chaves.
- Desenvolvemento da memoria:
  - Memorización de exercicios básicos de técnica.
  - Memorización dunha peza de maior complexidade.
- Traballo en conxunto -dentro das clases colectivas- de aspectos referidos ó desenvolvemento da arpa ao longo da historia.
- Hábitos de estudo:
  - Estudo diario regular e organizado, polo unha hora e media efectiva, comprendendo a técnica e as obras.
  - Desenvolvemento da capacidade de autocrítica, para obter unha progresiva autonomía.
- Lectura a "primeira vista": lectura de pequenas frases ou obras, durante a clase.
- Comprensión e análises: iniciación á análises formal e expresivo do repertorio traballado.
- Diferenciación auditiva das distintas calidades sonoras: escoitada atenta da interpretación allea.

6.3.3 Avaliación

O fin xeral da avaliación é verificar o logro dos obxectivos previamente establecidos, diagnosticar os fallos e as dificultades que se presenten no proceso de ensino-aprendizaxe, así como orientar e reorientar devandito proceso. É, pois, un proceso con diversidade de momentos e tarefas, non unha actividade illada e tampouco un fin en si mesma. A avaliación é parte fundamental do ensino pois é a que nos permite comprobar os progresos que se van realizando ao longo do proceso de aprendizaxe, por iso ten que ser continua e integradora.

Criterios de avaliación

- Empregar unha axeitada posturalización.
- Ler textos a primeira vista con comprensión e un mínimo de fluidez.
- Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida, afinación, articulación e fraseo axeitados ó contido.
- Interpretar obras segundos criterios do estilo correspondente.
- Amosar nos estudos e obras do repertorio a capacidade de aprendizaxe progresivo individual.
- Interpretar en público ao menos en dúas audicións, como solista e de memoria, obras representativas do nivel en el instrumento, amosando seguridade e control da situación.
- Actuar como membro do grupo e manifestar a capacidade de tocar ou cantar ao tempo que se escoita e se adapta ao resto dos instrumentos e voces.

Mínimos esixibles

Considérase que debe recuperar a materia o alumno que non realizara o 75% dos contidos e/ou non acadara o 75% de los obxectivos reflectidos na programación.

Procedementos e ferramentas de avaliación

- Ordinarios:
  - Observación directa no aula do traballo realizado polo alumno.
  - Intervención en audicións públicas, recitais, etc.
  - Auto-avaliación do alumno.
- Alternativos:
  - Avaliación dos obxectivos acadados e contidos realizados mediante unha proba teórico-práctica onde o alumno amosará ter acadado os obxectivos e realizado os contidos relativos ao curso a superar.
- Recursos de avaliación:
  - Caderno do profesor. Os resultados diarios da valoración dos procedementos anteriormente mencionados recóllense puntualmente no caderno do profesor.

Criterios de cualificación

- Empregar Aspectos técnicos (posturalización e son): 35%
- Aspectos musicais (execución e expresión): 35%
- Aspectos actitudinais: 30%

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

O alumno que dentro do primeiro trimestre teñan realizado o 75% dos contidos e acadado o 75% dos obxectivos da materia poderán optar á concesión da ampliación da matrícula.

6.3.4 Medidas de recuperación

Por mor da avaliación continua, tanto os contidos non realizados como os obxectivos non acadados nun trimestre pódense recuperar no vindeiro, dándose dese xeito por aprobadas as avaliacións anteriores non superadas.

Procedementos de recuperación ordinarios

O alumno que perdera o dereito a avaliación continua, segundo o reflexan as NOF do centro, terá que facer unha proba no terceiro trimestre onde amose ter acadado os mínimos esixibles da materia.

Os criterios de cualificación de dita proba serán:

- Aspectos técnicos: 50%

- Aspectos musicais: 50%

Probas extraordinarias de setembro

O alumno que non teña acadado o 75% dos obxectivos e realizado o 75% dos contidos da materia ao remate do terceiro trimestre, pódese presentar á proba extraordinaria de setembro -ante tribunal- cos requisitos aplicados no apartado de mínimos esixibles desta programación.

Os criterios de cualificación de dita proba serán:

- Aspectos técnicos: 50%
- Aspectos musicais: 50%

6.3.5 Recursos didácticos

- Grupo 1: estudos (3)
  - Tres estudos escollidos do libro "Dix Études Progressives et Techniques" de F. Alberti, (distribuidor A. Leduc)
- Grupo 2: obras doadas (2)
  - Unha peza escollida do libro "52 scottish songs for all harps" de Sylvia Woods -2º arranxo- (ed. Woods Music & Books inc.) por ex. "Jock O´Hazeldean"
  - Unha peza escollida do libro "50 irish melodies for all harps" de Sylvia Woods -2º arranxo- (ed. Woods Music & Books inc.) por ex. "Shule Aroon"
- Grupo 3: obras de mediana dificultade (2)
  - Unha peza de T. O'Carolan escollida do libro "The complete Carolan songs and airs" de Caitríona Rowsome (ed. Waltons) por ex. "Kean O´Hara – first air".
  - Unha obra do libro "Sounding Harps, Book Two" (ed. Cairde na Cruit, Dublin) por ex. "Oscail an Doras go ciúin Ó".
- Grupo 4: obras modernas (1)
  - Unha obra de compositores do século XX, por exemplo: "Nº3" do libro "Les Petits Pas" (ed. Lemoine) de Bernard Andrés.

6.4 Curso 4º Grao Elemental

6.4.1 Obxectivos

Xa que este curso é o derradeiro do grao elemental, é polo que os obxectivos mínimos deben coincidir cos obxectivos do grao e resultan dun compendio e profundización dos anteriores cursos.

- Repaso ás características do instrumento, organoloxía e constitución, así como as súas posibilidades sonoras.
- Adoptar unha correcta posición corporal ao sentarse e coller o instrumento, así como unha axeitada e relaxada posición de dedos, man, boneca, cóbado, brazos, ombro e en xeral de todo o corpo, sempre axeitada á complexión física do alumno.
- Realizar axilmente os movementos de preparación, ataque, articulación e colocación de dedos, base da posición fixa.
- Coñecer as diferentes dixitacións en función da técnica e expresión e a súa axeitada utilización.
- Ampliar a técnica de terceiro curso no que fai a intervalos, acordes, escalas...
- Progresar na práctica dos exercicios destinados á igualación de dedos.
- Acadar fluidez na realización dos intervalos harmónicos, acordes, arpexos e escalas.
- Distinguir diferentes estruturas musicais -como frases, motivos, temas, seccións, períodos, para chegar a través de iso a unha interpretación consciente e non meramente intuitivo.
- Realizar técnicas de efecto e expresión: Legatos, sforzandos, stacatos, picados, apagues, articulacións, etc.
- Realizar lecturas a primeira vista de obras e fragmentos sinxelos.
- Interpretar un programa formado por obras de distintos estilos, correspondente ao nivel do curso.
- Coñecer e aplicar axeitadamente a técnica do troco de chaves aplicándoa nos procesos modulantes.
- Introducir os cambios de pedais.
- Coñecer a afinación do instrumento con e sen aparellos auxiliares.
- Progresar no desenvolvemento permanente da memorización de obras
- Interpretar obras en conxunto.
- Profundar sobre algunha faceta do instrumento (historia, morfoloxía...) mediante realización de traballos monográficos.
- Profundar na práctica de correctos e eficaces hábitos de estudo e axeitadas formas de aproveitar o tempo.

6.4.2 Contidos

- Organoloxía da arpa de pedal e organoloxía comparada.
- Automatización da dixitación segundo as conveniencias expresivas.
- Técnica:
  - Práctica da posición fixa.
  - Práctica dos intervalos harmónicos.

  - Práctica dos acordes de tres e catro sons.
  - Escalas:
    - Práctica de escalas de velocidade, combinando figuracións rítmicas en cada nota, oitava ou escala.
    - Práctica de todas as posibles combinacións nas escalas aprendidas, aplicando distintos efectos e dinámicas.
  - Arpexos: Acorde de Sétima con distintas figuracións, pasando as mans, a mans simultáneas e alternas. Combinacións de mans e dedos simultáneos e sucesivos.
  - Efectos de expresion: legatos, stacatos, picados, sforzandos...
- Chaves: afianzamento na utilización coordinada do troco de chaves.
- Pedais: comezo ós cambios de pedais.
- Apagado: iniciación ás técnicas de picado e limpeza, cunha soa nota e con ambas mans.
- Afinación: práctica da afinación mediante o ciclo de quintas e oitavas.
- Desenvolvemento da memoria:
  - Memorización de exercicios de técnica.
  - Memorización de ao menos unha obra.
- Hábitos de estudo: estudo diario regular e organizado, con metrónomo.
- Desenvolvemento da capacidade de autocrítica, para obter unha progresiva autonomía.
- Lectura a "primeira vista": lectura dunha obra de nivel correspondente, durante a clase.
- Comprensión e análises: análises formal e expresivo do repertorio traballado (recoñecer tempo, carácter e temas)
- Traballo en conxunto -dentro das clases colectivas- de aspectos referidos á organoloxía e ó desenvolvemento da arpa ao longo da historia.
- Diferenciación auditiva das distintas calidades sonoras: escoitada atenta da interpretación allea.

6.4.3 Avaliación

O fin xeral da avaliación é verificar o logro dos obxectivos previamente establecidos, diagnosticar os fallos e as dificultades que se presenten no proceso de ensino-aprendizaxe, así como orientar e reorientar devandito proceso. É, pois, un proceso con diversidade de momentos e tarefas, non unha actividade illada e tampouco un fin en si mesma. A avaliación é parte fundamental do ensino pois é a que nos permite comprobar os progresos que se van realizando ao longo do proceso de aprendizaxe, por iso ten que ser continua e integradora.

Criterios de avaliación

- Empregar unha axeitada posturalización.
- Ler textos a primeira vista con comprensión e un mínimo de fluidez.
- Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida, afinación, articulación e fraseo axeitados ó contido.
- Interpretar obras segundos criterios do estilo correspondente.
- Amosar nos estudos e obras do repertorio a capacidade de aprendizaxe progresivo individual.
- Interpretar en público, como solista e de memoria, obras representativas do nivel en el instrumento, amosando seguridade e control da situación.
- Actuar como membro do grupo e manifestar a capacidade de tocar ou cantar ao tempo que se escoita e se adapta ao resto dos instrumentos e voces.

Mínimos esixibles

Considérase que debe recuperar a materia o alumno que non realizara o 75% dos contidos e/ou non acadara o 75% de los obxectivos da programación.

Procedementos e ferramentas de avaliación

- Ordinarios:
  - Observación directa no aula do traballo realizado polo alumno.
  - Intervención en audicións públicas, recitais, etc.
  - Auto-avaliación do alumno.
- Alternativos:
  - Avaliación dos obxectivos acadados e contidos realizados mediante unha proba teórico-práctica onde o alumno amosará ter acadado os obxectivos e realizado os contidos relativos ao curso a superar.
- Recursos de avaliación:
  - Caderno do profesor. Os resultados diarios da valoración dos procedementos anteriormente mencionados recóllense puntualmente no caderno do profesor.

Criterios de cualificación

- Empregar Aspectos técnicos (posturalización e son): 35%
- Aspectos musicais (execución e expresión): 35%
- Aspectos actitudinais: 30%

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

O alumnno que dentro do primeiro trimestre teñan realizado o 75% dos contidos e acadado o 75% dos obxectivos da materia poderán optar á concesión da ampliación da matrícula.

6.4.4 Medidas de recuperación

Por mor da avaliación continua, tanto os contidos non realizados como os obxectivos non acadados nun trimestre pódense recuperar no vindeiro, dándose dese xeito por aprobadas as avaliacións anteriores non superadas.

Procedementos de recuperación ordinarios

O alumno que perdera o dereito a avaliación continua, segundo o reflexan as NOF do centro, terá que facer unha proba no terceiro trimestre onde amose ter acadado os mínimos esixibles da materia.

Os criterios de cualificación de dita proba serán:

- Aspectos técnicos: 50%
- Aspectos musicais: 50%

Probas extraordinarias de setembro

O alumno que non teña acadado o 75% dos obxectivos e realizado o 75% dos contidos da materia ao remate do terceiro trimestre, pódese presentar á proba extraordinaria de setembro -ante tribunal- cos requisitos aplicados no apartado de mínimos esixibles desta programación.

Os criterios de cualificación de dita proba serán:

- Aspectos técnicos: 50%
- Aspectos musicais: 50%

6.4.5 Recursos didácticos

- Grupo 1: estudos (3)
  - Tres estudos escollidos entre os dez primeiros de “Célebres Études pour la harpe, 40 Etudes Faciles” Op. 318 de N. Ch. Bochsa (ed. A. Leduc)
- Grupo 2: obras doadas (2)
  - Dúas pezas escollidas dos libros “Manx music for the irish harp” de C. Guard, (distribuido por Woods Music & Books) “The Small Harp” de Alison Kinnaird, (ed. Kinnor Music)
- Grupo 3: obras de mediana dificultade (2)

  - Unha peza de T. O'Carolan escollida dos libros “Sounding Harps” de (Ed. Cairde na Cruit, Dublin)) por ex. “Mr. O’Connor”.
  - Unha obras de mediana dificultade, por exemplo: “David of the white rock” do libro “A welsh landscape” (ed. Adlais)
- Grupo 3: obras modernas (1)
  - Unha obra de compositores do século XX, por exemplo: Sarabande de “Automates” B. Andrés (Ed. Leduc)

6.5 Curso 1º Grao Profesional

6.5.1 Obxectivos

- Controlar axeitadamente, a través da técnica, a coordinación psicomotriz (mans, pedais)
- Ampliar a técnica do grao elemental no que fai a intervalos, acordes, escalas...
- Realizar escalas, arpexos, acordes con cambios de tonalidades maiores e menores.
- Practicar en todas as oitavas da arpa os exercicios de técnica xa estudados.
- Coñecer e aplicar axeitadamente a técnica do troco de pedais aplicándoa nos procesos modulantes.
- Coñecer o ciclo de quintas e oitavas, utilizando de forma elemental a chave de afinar.
- Profundar na práctica de correctos e eficaces hábitos de estudo e axeitadas formas de aproveitar o tempo.
- Realizar exercicios de improvisación.
- Realizar exercicios de dixitación.
- Interpretar un programa formado por obras de diferentes estilos, atendendo ás características propias de cada obra e á musicalidade e expresión.
- Coñecer e iniciar o estudo teórico das características propias de cada estilo, similitudes e diferenzas de cada un.
- Tocar en público de memoria, amosando un adecuado auto-control que permita a necesaria fluidez do discurso musical e a conseguinte comunicación co oínte.
- Adquirir unha progresiva autonomía na aplicación práctica dos coñecementos técnicos e teóricos para unha mellor expresión interpretativa.

6.5.2 Contidos

- Técnica:

  - Repaso e afianzamento da técnica de Grao Elemental.
  - Práctica de intervalos, escales, acordes e arpexos con mans cruzadas a distintas dinámicas, sentido inverso, mans alternas a distintas tesituras.
  - Iniciación ao estudo da combinación de fórmulas rítmicas diferentes en cada man.
  - Estudo de exercicios específicos para maior axilidade no troco de pedais.
- Ornamentos:
  - Estudo de exercicios sobre diferentes ornamentos.
- Grafías:
  - Coñecemento das distintas grafías contemporáneas e a súa realización na arpa.
- Improvisación:
  - Práctica da improvisación con fórmulas harmónicas simples (IV-V-I), sobre temas propostos polo profesor.
- Comprensión e análises:
  - Realización de traballos sobre as obras solistas de cada curso, contemplando análise harmónica, formal, estilístico, histórico, escribindo a súa propia ornamentación nas obras que así requírano (no nivel que os seus coñecementos musicais lle permitan)
- Repertorio solista:
  - Interpretación do repertorio solista propio do nivel, aplicando a dixitación axeitada a unha mellor expresión do fraseo, así como efectos e matices correspondentes aos estilos das distintas épocas.
- Repertorio orquestral:
  - Estudo do repertorio sinfónico apto para o seu nivel, traballando a lectura a primeira vista.
- Memoria: adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Audicións: audicións de distintas versións dunha mesma obra, comparando criticamente as diferentes interpretacións.

6.5.3 Avaliación

O fin xeral da avaliación é verificar o logro dos obxectivos previamente establecidos, , diagnosticar os fallos e as dificultades que se presenten no proceso de ensino-aprendizaxe, así como orientar e reorientar devandito proceso. É, pois, un proceso con diversidade de momentos e tarefas, non unha actividade illada e tampouco un fin en si mesma. A avaliación é parte fundamental do ensino pois é a que nos permite comprobar os progresos que se van realizando ao longo do proceso de aprendizaxe, por iso a avaliación da aprendizaxe ten que ser continua e integradora.

Criterios de avaliación

- Empregar unha axeitada posturalización.
- Ler textos a primeira vista con comprensión e un mínimo de fluidez.
- Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida, afinación, articulación e fraseo axeitados ó contido.
- Interpretar obras segundos criterios do estilo correspondente.
- Amosar nos estudos e obras do repertorio a capacidade de aprendizaxe progresivo individual.
- Interpretar en público, como solista e de memoria, obras representativas do nivel en el instrumento, amosando seguridade e control da situación.
